

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*EXTRACTO da Resolución do 21 de decembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (IG239-Obradoiros á dixitalización Industria 4.0).*

BDNS (Identif.): 376859.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Os organismos intermedios de carácter empresarial de Galicia. Entenderase como tal para efectos destas bases:

a) Entidades con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, que pertencen a unha das seguintes categorías: asociacións empresariais, fundacións empresariais ou universidade-empresa ou clústeres empresariais.

b) Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica domiciliados en Galicia e que estean inscritos no rexistro establecido para o efecto polo Ministerio de Ciencia e Innovación (Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros, BOE nº 20, do 23 de xaneiro de 2009).

Segundo. *Obxecto*

Os obradoiros concíbense como espazos de encontro entre empresas para explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de implementación de ferramentas dixitais colaborativas sectoriais susceptibles de optaren ás axudas



establecidas nestas bases ou noutras convocatorias, ou ben oportunidades de hibridación intersectorial.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 21 de decembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos obradoiros e das axudas á dixitalización Industria 4.0 cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741.A.7810 e polo seguinte importe:

Liña IG239.1 Obradoiros: 300.000 € con cargo ao exercicio 2018.

Liña IG239.2 Obradoiros: 300.000 € con cargo ao exercicio 2018.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Os prazos de presentación de solicitudes serán os seguintes:

Liña IG239.1 Obradoiros: desde o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 28.2.2018.

Liña IG239.2 Obradoiros: desde o 2.4.2018 ata o 15.5.2018.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

Pablo Casal Espido  
Secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

